

TRABALLAR NO EXTERIOR

3. Traballar no exterior

3.1. Traballar nas Institucións da UE

As institucións comunitarias ofrecen diferentes posibilidades para acoller por un determinado período a funcionarios ou persoal laboral procedente das administracións públicas e que contan co pleno apoio financeiro por parte das administracións das que proceden.

EMPREGO NA UE RESERVADO A FUNCIONARIOS OU PERSOAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

3. Traballar no exterior

3.1. Traballar nas Institucións da UE

Requisitos

- Ser funcionario ou persoal laboral procedente das administracións públicas centrais, autonómicas ou locais.
- Ter un bo coñecemento dalgunha das linguas de traballo da Comisión (inglés, francés ou alemán).

Lugar

- Proporcionar ao persoal en prácticas unha experiencia de primeira man nos métodos de traballo e nas políticas da Unión Europea.
- Adquirir experiencia práctica e coñecemento sobre o traballo diario dos departamentos e servizos das institucións comunitarias, proporcionándolles a oportunidade de traballar nun ambiente multicultural, plurilingüe e multiétnico.
- Por en práctica os coñecementos adquiridos nas súas áreas específicas de competencia.

Prazos de solicitude

Expertos nacionais en comisión de servizos

Os expertos nacionais destacados (END) o expertos nacionais en comisión de servizo, son empregados públicos das Administracións dos EEMM que, de maneira temporal, desenvolven a súa actividade profesional nas Institucións da UE. As Institucións da UE recorren a figura do END buscando coñecementos e experiencia profesional de alto nivel, que complementen o perfil do seu persoal. Ademais, a figura de expertos permite promover o intercambio de experiencias e coñecementos sobre as políticas europeas.

A Comisión convoca prazos de END unha vez ao mes. O resto de Institucións/ Organismos/Axencias non realizan convocatorias periódicas. Algunhas institucións e organismos contan con bolsas de candidatos accesibles a través de súas páxinas web (por exemplo o Comité das Rexións).

As convocatorias se publican na páxina web da REPER; así mesmo se distribúen aos Ministerios e as Oficinas das CCAA en Bruxelas, co fin de que realicen a difusión nos seus correspondentes contornos.

A duración do destacamento e por un período determinado (entre 6 meses e 4 anos, prorrogables excepcionalmente a un total de 6 anos) e ademais deberá concretarse a que servizo desexa adscribirse o candidato. Así mesmo, o candidato debe posuír polo menos 3 anos de experiencia así como un notable coñecemento de idiomas. Compre mencionar que estas prácticas serán enteiramente sufragadas pola administración pública que envía ao funcionario, que tamén correrá cos gastos sanitarios que poidan ocasionarse durante o período de prácticas.

Expertos nacionais en formación profesional

O programa ten como obxectivo proporcionar aos empregados públicos dos Estados membros experiencia, coñecementos prácticos dos métodos de traballo, e a posibilidade de traballar nun ambiente multicultural e multilingüístico.

A Comisión Europea organiza, dúas veces por ano, este programa de prácticas, que teñen unha duración entre 3 e 5 meses. Para acollerse a elas, os candidatos deberán estar en activo nunha administración pública, ter un título universitario, e posuír un nivel satisfactorio de inglés ou francés. Quedan excluídos do programa aqueles candidatos que desempeñaran traballos de calquera tipo dentro das institucións da UE.

Ao igual que na figura anterior (experto nacional en comisión de servizos) este programa será enteiramente sufragado

Proceso de selección

Representación Permanente de España ante a Unión Europea: exteriores.gob.es

3. Traballar no exterior

3.2. Outros organismos internacionais

Á marxe dos programas de prácticas e de Mozos Expertos, o Banco Mundial ten unha política activa de contratación. O persoal do Banco Mundial traballa cos gobernos dos países en desenvolvemento en diversas áreas.

BANCO MUNDIAL (BM)

Lugar

O traballo ten lugar na sede do Banco Mundial en Washington ou, no seu defecto, onde se desenvolvan os proxectos.

Prazos de solicitude

Para máis información: masoportunidades.org
worldbank.org

Proceso de selección

O proceso comeza co envío de CV e solicitude, para logo ser entrevistado e negociar as condicións sobre cómo comezar a traballar.

O proceso non aparece detallado nos criterios.

3. Traballar no exterior

3.2. Outros organismos internacionais

A Organización das Nacións Unidas é unha organización internacional creada trala Segunda Guerra Mundial para ser un foro intergubernamental onde estivesen representados todos os países do planeta.

NACIONES UNIDAS (ONU)

Lugar

Distintas sedes da ONU e en distintos Fondos, Programas, Organismos Especializados e Organismos Subsidiarios.

Prazos de solicitude

Para máis información: un.org

Proceso de selección

Entrevista baseada nas capacidades e competencias do candidato para o posto que solicita e na que se avaliarán os seus coñecementos e a aplicación práctica dos mesmos.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

É unha organización humanitaria internacional, neutral e independente que combate a desnutrición á vez que garante auga e medios de vida seguros as poboacións máis vulnerables.

ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE

Requisitos

Existen procesos abertos que varían ó longo do ano.
Os requisitos xerais son:

- Formación universitaria ou equivalente relevante para o posto.
- Experiencia profesional previa.
- Dominio de inglés e francés (para a maioría dos postos).
- Sólida motivación humanitaria.
- Alto nivel de organización, planificación y rigor.
- Requisitos adicionais segundo o posto.

Tamén ofertan a posibilidade de realizar un período de prácticas

Lugar

Os postos de traballo desenvólvense na sede ou en actividades de campo.

Prazos de solicitude

Para máis información: employ.acf-e.org

Proceso de selección

Solicitude online dos postos. A candidatura será avaliada e nun prazo os preseleccionados serán contactados.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

Amnistía Internacional é unha organización que loita polo recoñecemento, respecto e protección dos Dereitos Humanos en todo o mundo.

AMNISTÍA INTERNACIONAL

Requisitos

Existen procesos abertos tanto en sede coma no terreo.

Os requisitos xerais son:

- Formación universitaria ou equivalente relevante para o posto.
- Experiencia profesional previa.
- Dominio de inglés e francés.
- Sólida motivación humanitaria.
- Requisitos adicionais segundo o posto.

Tamén ofertan a posibilidade de realizar un período de prácticas.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse nas diferentes sedes da organización.

Prazos de solicitude

Para máis información: careers.amnesty.org

Proceso de selección

Solicitude online dos postos. A candidatura require un CV, responder a un formulario e, no caso de ser preseleccionado, unha entrevista.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

Para poder facer fronte a situacións cada vez máis complexas e en ocasións perigosas, o Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) procura nos seus novos colaboradores as condicións precisas para exercer un oficio nun contexto non habitual: o dun país asolado pola guerra ou as súas repercusións.

COMITÉ INTERNACIONAL DA CRUZ VERMELLA

Requisitos

Existen procesos abertos todo o ano para os postos máis demandados e contratacións puntuais de outros perfís.

Os requisitos xerais son:

- Idade ideal: mínimo 25 anos.
- Estar disposto a ir sen acompañamento familiar ás dúas primeiras misións (24 meses).
- Formación universitaria ou equivalente.
- Experiencia profesional mínima de 2 ou 3 anos.
- Dominio de inglés e francés para a maioría dos postos.
- Permiso de conducir nacional e internacional (manual).
- Sólida motivación humanitaria.
- Espírito aberto e boa capacidade de adaptación.
- Capacidade para traballar baixo presión en condicións de seguridade difíciles.
- Requisitos adicionais segundo o posto.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse na sede ou en actividades de campo.

Prazos de solicitude

Para máis información: icrc.org

Proceso de selección

Solicitude online dos postos. A candidatura será avaliada e nun prazo os preseleccionados serán contactados e invitados a fase de entrevistas en Xenebra.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

Trátase dunha organización médico humanitaria que asiste a poboacións en situacións precarias, así como a vítimas de catástrofes e de conflitos armados, sen discriminación por raza, relixión ou ideoloxía política.

MÉDICOS SIN FRONTERAS

Requisitos

Existen procesos abertos tanto en sede coma no terreo.

Os requisitos xerais son:

- Formación universitaria ou equivalente relevante para o posto.
- Experiencia profesional previa.
- Dominio de inglés e francés.
- Sólida motivación humanitaria.

Requisitos adicionais segundo o posto.

Tamén ofertan a posibilidade de realizar un período de prácticas.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse na sede ou sobre o terreo.

Prazos de solicitude

Para máis información: msf.es

Proceso de selección

Solicitud online dos postos. A candidatura, CV e carta de motivación, serán avaliadas e nun prazo variable os preseleccionados serán contactados.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

En Oxfam Intermon existe unha gran variedade de postos técnicos e administrativos, tanto en contrato laboral (na súa sede de Barcelona, ou en determinados proxectos) como para bolsas de prácticas (nas oficinas nacionais).

OXFAM INTERMON

Requisitos

Existe gran variedade de postos técnicos e administrativos, tanto en contrato laboral (na súa sede de Barcelona, ou en determinados proxectos) como para bolsas de prácticas (nas oficinas nacionais). Os requisitos son os seguintes:

- Titulación académica no campo correspondente.
- Boas dotes de comunicación, organización e negociación.
- Experiencia de acordo co posto.
- Coñecementos de inglés, francés ou da lingua de destino para os proxectos, así como de catalán para a sede de Barcelona.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Motivación pola cooperación internacional, o desenvolvemento e a loita contra a pobreza.
- Adaptación a contextos multiculturais e sensibilidade coa temática de xénero.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse tanto na sede da ONG coma nas distintas representacións nacionais e postos en proxectos concretos.

Prazos de solicitude

Para máis información: oxfamintermon.org

Proceso de selección

Rexistro na web da ONG e enviar o CV para postos concretos. Entrevista de capacidades.

3. Traballar no exterior

3.3. Traballar en ONGs

Tratase dunha organización dedicada á defensa dos dereitos dos nenos e a mellorar a súa calidade de vida.

SAVE THE CHILDREN

Requisitos

Existen procesos abertos tanto en sede coma no terreo.

Os requisitos xerais son:

- Formación universitaria ou equivalente relevante para o posto.
- Experiencia profesional previa.
- Dominio de inglés.
- Habilidades interpersoais.
- Capacidade para traballar en ambientes multiculturais.
- Requisitos adicionais segundo o posto.

Tamén ofertan a posibilidade de realizar un período de prácticas.

Lugar

Os postos de traballo desempeñanse nas diferentes sedes da organización ou sobre o terreo.

Prazos de solicitude

Para máis información:

savethechildren.net

savethechildren.org

Proceso de selección

Solicitude online dos postos. A candidatura require un CV e unha carta de motivación.

3. Traballar no exterior

3.2. Outros organismos internacionais

A OTAN é unha unha Organización Internacional militar baseada no Tratado do Atlántico Norte, asinado o 4 de abril de 1949, e que ten o seu Cuartel Xeral en Bruxelas.

ORGANIZACIÓN DO TRATADO DO ATLÁNTICO NORTE (OTAN)

Lugar

Distintas sedes da OTAN, os candidatos deben solicitar os postos concretos nos que estén interesados nos países membros.

Prazos de solicitude

Para máis información: nato.int

Proceso de selección

A contratación de persoal para cada axencia da OTAN é independente.

Na súa páxina web publica unha lista das ofertas de emprego dispoñibles nas distintas oficinas da OTAN en todo o mundo, xunto coas súas condicións.

Necésitanse coñecementos de Inglés e coñecementos prácticos relacionados co posto ao que se aspira.

3. Traballar no exterior

3.2. Outros organismos internacionais

ORGANIZACIÓN MUNDIAL DO COMERCIO (OMC)

Lugar

O traballo desenvólvese na Sede da OMC en Xenebra.

Prazos de solicitude

Para máis información: <http://www.wto.org>

Duración e contía

Pódese solicitar emprego online subindo e actualizándoo continuamente para envío ós postos vacantes de interese. Tamén pode facerse de xeito ordinario, enviando os datos á oficina de Recursos Humanos.

3. Traballar no exterior

3.2. Outros organismos internacionais

A OCDE é un organismo de cooperación internacional fundada en 1960 e composta por 34 Estados para coordinar as súas políticas económicas e sociais.

ORGANIZACIÓN PARA A COOPERACIÓN E O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (OCDE)

Lugar

Normalmente na Sede Central de París ou en distintas sedes nacionais alí onde se publiquen ofertas.

Prazos de solicitude

Para máis información: oecd.org

Proceso de selección

As ofertas de emprego publícanse na páxina web unha vez á semana e permanecen activas durante un mes: Só se aceptan candidaturas online, e o proceso de selección consta de entrevistas e tests adaptados ós coñecementos necesarios para desenvolver o teu traballo de xeito satisfactorio (casos prácticos normalmente).

3. Traballar no exterior

3.2. Outros organismos internacionais

O FMI naceu en 1944 buscando a estabilidade do sistema financeiro internacional. Traballar aquí ofrece a oportunidade de axudar a solventar problemas económicos de alta complexidade e gañar unha perspectiva global e tanxible.

FONDO MONETARIO INTERNACIONAL (FMI)

Lugar

Os postos de traballo desenvólense en Washington DC con posibilidades de participar en proxectos máis tanxibles.

Prazos de solicitude

Para máis información: imf.org

Proceso de selección

Na web publícanse as vacantes. O interesado manda o seu CV que é analizado polos expertos do FMI. Se pasa o primeiro control é chamado para ser entrevistado e facer unha revisión do seu perfil.

3. Traballar no exterior

3.2. Outros organismos internacionais

A Escola Diplomática, creada en 1942, é un centro de estudos superiores dependente da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación que ten entre os seus cometidos

- A formación de candidatos na carreira diplomática.
- A preparación de aspirantes a función pública internacional.
- A formación continua dos funcionarios diplomáticos.
- A formación de especialistas en relacións internacionais, política exterior e cooperación ao desenvolvemento a través de cursos e seminarios dirixidos a posgraus universitarios así como a diplomáticos doutros países.
- A formación de funcionarios que van prestar os seus servizos en embaixadas ou consulados en materias relativas ao servizo exterior
- A realización de programas de investigación no eido dos estudos internacionais.

DIPLOMACIA NACIONAL ESCOLA DIPLOMATICA

Requisitos

Acceso a Carreira Diplomática: A Carreira Diplomática accedese en España por oposición, convocada anualmente polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Os candidatos teñen que ser españois, maiores de idade e estar en posesión dun título universitario de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou graduado. Actualmente, o proceso selectivo consta de dúas fases: a primeira, a de oposición, está formada por varios exercicios, escritos e orales, sobre cultura xeral (baseada no temario), idiomas, comentario de texto e entrevista personal, e exame sobre o temario, que inclúe contidos sobre Organizacións Internacionais; Unión Europea; Economía xeral, internacional, española, e da Unión Europea; Cooperación para o Desenvolvemento; Socioloxía; Historia; Relacións Internacionais e Política Exterior.

A segunda fase consiste nun curso selectivo para os funcionarios en prácticas que superaran a primeira fase.

Mestría en Diplomacia e Relacións Internacionais:

A Mestría en Diplomacia e Relacións Internacionais responde a necesidade de formación de analistas e especialistas en relacións internacionais, así como das novas xeracións de funcionarios da Carreira Diplomática e do servizo exterior español. De igual maneira, a mestría é util como preparación ao ingreso na Carreira, xa que o programa representa arredor do 65% dos temas esixidos na oposición.

Cursos sobre relacións internacionais: Impartense os seguintes cursos: Dereitos Humanos; Unión Europea; Islam; Capacitación para observadores electorais internacionais; Xudaísmo; Cooperación ao desenvolvemento...

3. Traballar no exterior

3.2. Outros organismos internacionais

O consello de Europa é unha Organización internacional nacida en 1949 como un foro de diálogo institucional entre os países de Europa.

Está composta por 47 países, formando parte dela os 28 da UE.

CONSELLO DE EUROPA

Lugar

A maioría do persoal é asignado a postos en Estrasburgo, aínda que o Consello tamén ten unha oficina de representación en París e unha oficina de enlace en Bruxelas, así como en Portugal, Hungría e Austria.

Prazos de solicitude

Para máis información: coe-recruitment.com

Proceso de selección

A selección comprende tres etapas: unha preselección, unha proba escrita e unha entrevista.

O resto de requisitos (tales como a experiencia profesional, cualificacións, lingüística e habilidades de TIC) difiren dacordo a cada categoría de traballo e polo tanto pódense encontrar en máis detalle nos anuncios de vacantes específicas.

Coñecementos de Inglés e Francés necesarios.

A lista de reservas dura 4 anos.

3. Traballar no exterior

3.1. Traballar nas Institucións da UE

Os funcionarios da UE desempeñan un posto de traballo permanente nalgunha das súas institucións, órganos ou organismos. O acceso á condición de funcionario europeo realízase unha vez superados os procesos de selección que organiza a Oficina de Selección do Persoal das Comunidades Europeas (EPSO), publicados na súa web e no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

FUNCIONARIOS DA UNIÓN EUROPEA

Lugar

Institucións, axencias e organismos da UE.

Prazos de solicitude

- AD: soen convocarse na primavera de cada ano, e desenvólense durante o verán e outono.
 - AST e AST/AC: soen convocarse na no inverno de cada ano, desenvolvéndose durante a primavera e verán do ano seguinte.
- Para máis información: europa.eu

Proceso de selección

No caso de superar todas as fases do proceso de selección, o candidato é incluído nunha lista de reserva a partir da cal se procederá ás futuras contratacións, sen que o feito de estar na lista implique ningún dereito á súa contratación.

3. Traballar no exterior

3.1. Traballar nas Institucións da UE

Os Axentes Contractuais (CAST) son traballadores temporais contratados para prestar servizos de apoio manual ou administrativo, ou para proporcionar unha capacidade adicional cando non se dispón do número suficiente de funcionarios coas cualificacións requiridas. Traballan por unha duración determinada máxima de tres ou cinco anos, dependendo do destino, prorrogables por un período igual. Habitualmente comezan cun contrato inicial máis breve de 6-12 meses, segundo o tipo de traballo, e nalgúns organismos poden chegar a ser contratados indefinidamente.

AXENTES CONTRACTUAIS

Lugar

Institucións, axencias e organismos da Unión Europea.

Prazos de solicitude

Para máis información: europa.eu

Proceso de selección

Para poder ser un Axente Contractual debe superarse o correspondente proceso de selección convocado pola EPSO.

Cuxo proceso consta de dúas fases con tests de razonamiento o examinación de CV (dependendo del perfil) seguido por un test de competencia:

- Para perfiles xeralistas, tests de razonamiento numérico, verbal e abstracto.
- Para perfiles especialistas, o proceso comeza cunha criba de CV sobre cualificacións específicas.
- O test de competencias pode ser escrito, oral ou cualquier outro tipo de test práctico no campo.